

15. FORMACIÓN PARA A DOCENCIA:	
Estadías en centros:	
Participación en cursos ou programas específicos:	
Desenvolvemento de proxectos de innovación docente:	
Outros:	
16. EXPERIENCIA PROFESIONAL:	
Entidade:	
Categoría:	
Lugar:	
Duración:	
Actividade desenvolvida:	
Relevancia para o campo científico:	
17. EXPERIENCIA EN XESTIÓN:	
Posto ou cargo:	
Lugar:	
Duración:	
Actividade desenvolvida:	
18. POSTOS OU CARGOS ACADÉMICOS:	
Posto ou cargo académico:	
Lugar:	
Duración:	
Actividade desenvolvida:	
19. OUTROS MÉRITOS RELEVANTES QUE O SOLICITANTE DESEXA FACER CONSTAR:	

INSTITUTO GALEGO DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS

Resolución do 25 de abril de 2006 pola que se convoca a edición do XV Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais e o I Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil.

Co fin de incentivar a creación literaria no ámbito do teatro, o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, dentro do seu obxecto básico de desenvolvemento da política cultural en relación coa produción, promoción e difusión das actividades teatrais (prevista no artigo da Lei 4/1989 do 21 de abril, de creación co IGAEM), convoca a edición do XV Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais e I Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil, consonte coas seguintes bases:

Primeira.-Anúnciase a convocatoria para o ano 2006 da XV edición do Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais e da I edición do Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil.

Segunda.-Premio.

A concesión dos premios comprende a dotación económica de 6.000 € para o Álvaro Cunqueiro e 4.000 € para o Manuel María, así como a publicación das obras premiadas.

Estas cantidades serán imputadas aos orzamentos de gasto para o exercicio de 2006 con cargo á aplicación orzamentaria 12.90.354A.640.1, investimento de carácter inmaterial IGAEM, e estarán suxeitas ao tratamento fiscal correspondente en vigor no momento da concesión.

Terceira.-Requisitos.

Poderán optar aos premios textos teatrais inéditos escritos en galego conforme a normativa vixente, non representados e non premiados anteriormente noutros concursos. No caso do Manuel María, dirixidos especificamente a público infantil.

As obras serán de tema e extensión libres, tendo en conta o principio de duración normal dun espectáculo completo para cada un dos premios, quedando excluídas, xa que logo, as obras de teatro breve. Quedan excluídos, así mesmo, os textos para teatro de títeres en calquera dos premios.

Quedarán excluídos, para o premio para textos teatrais Álvaro Cunqueiro, os orixinais que resultasen ser dos autores premiados nas convocatorias XIII e XIV, correspondentes aos anos 2004 e 2005 respectivamente. Nesta mesma liña, os autores que resulten galardoados na edición 2006, tanto no Álvaro Cunqueiro coma no Manuel María, non poderán volver a presentarse nas dúas convocatorias posteriores.

Durante o proceso de resolución desta convocatoria, os participantes teñen a obriga de comunicarlle ao IGAEM a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento en que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión do proceso.

Cuarta.-Presentación de orixinais.

Os textos deberán ser presentados por quintuplicado, en exemplares separados, en tamaño DIN A-4, mecanografiados a dobre espazo por unha soa cara, numerados, grampados ou encadernados.

Os orixinais presentaranse baixo un título ou lema inscritos na súa portada e o premio a que optan, acompañados dun sobre pechado que reflicta no exterior os mesmos datos e no interior o nome e apelidos do autor, nacionalidade, NIF, NIE ou número de pasaporte, se é o caso, enderezo e número de teléfono. Este sobre deberá incluír, así mesmo, declaración asinada polo autor da obra comprensiva dos requisitos seguintes: que o texto presentado non foi publicado anteriormente nin premiado en ningún momento anterior.

Poderase, igualmente, en substitución dos datos anteriores, presentar baixo pseudónimo. De elixirse esta opción, os datos que cómpre incluír no sobre correspondente serán como mínimo pseudónimo e NIF, NIE ou número de pasaporte.

Quinta.-Prazo e lugar de admisión.

O período de admisión dos orixinais remata no prazo de 60 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da resolución que faga públicas estas bases no *Diario Oficial de Galicia*.

Os orixinais deben ser enviados ao seguinte enderezo:

Premio Álvaro Cunqueiro de textos teatrais, ou Premio Manuel María de literatura dramática infantil. Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM). Rúa da Vesada, s/n, San Lázaro, 15703 Santiago de Compostela.

Así mesmo, poderanse presentar nos rexistros das delegacións provinciais da Consellería de Cultura e Deporte, nos servizos ou rexistros correspondentes das comunidades autónomas, ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e na súa disposición adicional 18ª.

Quen opte por presentar os textos nun rexistro diferente ao do IGAEM deberá comunicalo por telegrama, fax ou telefax ao organismo dentro do prazo de presentación establecido. Sen esta comunicación, non serán admitidos os textos de ser recibidos no IGAEM con posterioridade á data de remate do prazo.

Sexta.-Xurado.

O xurado estará formado por un presidente e catro persoas de recoñecido prestixio no ámbito cultural.

O presidente e dous dos vogais serán nomeados pola conselleira de Cultura e Deporte mentres que o Consello Reitor do IGAEM nomeará os outros dous. Actuará como secretario, con voz e sen voto, un técnico do IGAEM proposto polo xerente.

A composición do xurado farase pública no momento de se producir o seu ditame.

O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posible única, e será necesaria a asistencia, como mínimo, de dous terzos dos seus membros. As súas deliberacións serán secretas e reflectiránse na acta correspondente, que será asinada pola totalidade dos membros do xurado e polo secretario.

Os membros do xurado non poderán presentar textos a esta convocatoria.

O xurado, complementariamente ás calidades literarias e aos contidos dramáticos que posúan os textos, valorará positivamente os factores que incidan na viabilidade escénica dos textos: número de personaxes, espazo escénico, condicións técnicas, etc.

Os premios poderán ser declarados desertos se o xurado estima que ningunha das obras presentadas posúe a suficiente calidade literaria e/ou escénica.

Sétima.-Comunicación do ditame.

A decisión do xurado producirase dentro dos tres meses seguintes ao remate do prazo de admisión dos orixinais e darase a coñecer a través dos medios de comunicación ou ben en acto público de entrega.

Se o texto premiado se presentara baixo pseudónimo, o anuncio público do texto premiado servirlle de notificación ao seu autor. De non presentarse o autor á recepción do premio, o IGAEM poderá igualmente facer uso da obra premiada nos termos das presentes bases sen prexuízo do dereito de cobramento do premio, sempre que o seu autor se identifique e se presente para o seu cobramento nun prazo de tres meses desde a notificación pública. Transcorrido este, perderá o dereito á percepción económica.

Igualmente, a pedimento do autor, poderá obviarse a autoría do texto teatral na publicidade da concesión do premio, así como na publicación da obra premiada.

Oitava.-Publicación das obras premiadas.

Coa finalidade de difusión cultural que lle compete ao organismo, o IGAEM publicará as obras premiadas dentro das súas coleccións, reservándose durante un prazo de dous anos o dereito a editalas.

Novena.-Retirada de orixinais non premiados.

Os textos non premiados poderán ser retirados das oficinas do IGAEM, logo de identificación do autor, que debe asinar o recibido correspondente, nun prazo de 30 días naturais contados a partir do seguinte ao da decisión do xurado. Os textos que non sexan

retirados no prazo indicado serán destruídos, sen que caiba ningunha reclamación neste sentido.

Décima.-Aceptación das bases.

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

Décimo primeira.-Desenvolvemento das bases.

A xerencia do IGAEM poderá ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta convocatoria.

Cláusulas adicionais

Primeira.-Normativa de aplicación.

As bases reguladoras deste concurso axustaranse ás instrucións previstas na presente convocatoria e rexeranse, con carácter supletorio, polo disposto no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro -na súa redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo-; no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia; na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

Segunda.-Posibilidade de recurso.

Esta resolución é definitiva na vía administrativa, consonte co artigo 4.2º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, e contra ela cabe interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contado desde o día seguinte á data da súa notificación, de acordo co disposto no artigo 46.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo, esta resolución poderá ser recorrida potestativamente en reposición, no prazo dun mes desde a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e ante o mesmo órgano que a ditou, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceira.-Entrada en vigor.

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2006.

Miguel Martín Fernández
Xerente do Instituto Galego das Artes
Escénicas e Musicais

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 31 de maio de 2006, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se lle dá publicidade ao acordo entre a Administración da Comunidade Autónoma galega e as organizacións sindicais UGT, CIG, CC.OO., CSI-CSIF e SPJ-USO, con representación entre o persoal da Administración de xustiza destinado nesta comunidade, para a modernización e mellora da Administración de xustiza en Galicia.

A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as organizacións sindicais representativas do persoal ao servizo da Administración de xustiza, no marco da mesa sectorial de negociación deste colectivo, negociaron determinados programas de actuación e a correlativa contraprestación retributiva no marco dos artigos 519.3º, 519.4º e 522.2º da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e do artigo 12 do Real decreto 1909/2000, do 24 de novembro, polo que se fixa o complemento de destino.

Froito da devandita negociación a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e as organizacións sindicais UGT, CIG, CC.OO., CSI-CSIF e SPJ-USO, asinaron o día 29 de maio de 2006 un acordo para a modernización e mellora da Administración de xustiza en Galicia.

Polo exposto, esta dirección xeral

DISPÓN:

Publicar o acordo entre a Administración da Comunidade Autónoma galega e as organizacións sindicais UGT, CIG, CC.OO., CSI-CSIF e SPJ-USO, con representación entre os funcionarios ao servizo da Administración de xustiza en Galicia, para a modernización e mellora da Administración de xustiza en Galicia, que se insire a continuación como anexo.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2006.

Julio Ignacio Iglesias Redondo
Director xeral de Xustiza

ANEXO

Acordo entre a Xunta de Galicia e os sindicatos para a modernización e mellora da Administración de xustiza en Galicia

Preámbulo.

De conformidade co previsto no artigo 103.3º da Constitución española e en sintonía coa Lei orgánica 11/1985, de liberdade sindical, a Lei 9/1987, do 12 de xuño, de órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación